



BUEU - CABO UDRA

Adela Leiro, Mon Daporta
xaneiro 2019



Distancia: 12 km (ida e volta)
Dificultade: baixa


Un roteiro de interese etnográfico, paisaxístico e ambiental no que podemos ver vivendas típicas, construcións portuarias, embarcacións de distintos tipos, antigas instalacións industriais e preindustriais, curiosas formacións rochosas e rochas cunha estrutura particular e atractivas paisaxes. Camiñando unha boa parte do traxecto polo LIC/ZEC Cabo Udra.

Nun traxecto de ida e volta duns 12 km que transita case todo o tempo polos puntos o máis achegados posible á beira do mar.

PERCORRIDO

Comezamos no paseo da **praia de Bueu** ou da **Boca do Río** e seguímolo ata o remate, imos logo pola beirarrúa ata a estrada e na curva collemos o desvío a **Beluso**. En Beluso camiñamos polo paseo que percorre a praia ata a entrada do porto e alí continuamos pola estrada que segue ata a **punta Trimiño**, onde a estrada fai unha volta pechada (de 180º e en subida) temos, á dereita, o carreiro apegado ao peche dunha parcela. Un pouco adiante do remate do valado o carreiro chega a outro, no que temos que coller á dereita, para abaixo, cara ao mar, e seguilo xa sen perda ata a praia da Tulla. Baixando chegamos a un abrigo cunha pequena praia e logo pola beira do cantil imos descubrindo formacións e grupos de rochas que nos irán chamando a atención. Pasada a EDAR (non se ve pero nótase o olor característico) atopamos outro pequeno seo no que se acollen dous areais de escasas dimensións (**Sartaxens** e **Area Pequena**) e despois de subir un pouquiño baixamos ao comezo da **praia da Tulla** ao pé da **punta Aguda**, de nome moi acaído. Percorremos a praia da Tulla e chegamos ao fermoso e variado grupo de rochas da **punta Cornide**, pasamos logo polo seu recollido areal para saír deseguido á **praia da Mourisca**, no remate, ao pé da punta Mourisca, hai un **almacén de salga**. Desde aquí seguimos ata a **punta Cagadoiro**, pasando ao pé do pequeno areal de Buceiro, para sorprendernos coas formas dos seus cons e achegarnos á **praia do Pedrón**. Da praia do Pedrón temos que volver atrás ata o pé dun valado cunha baliza indicadora de roteiro e atallando polo monte subimos á pista de **Cabo Udra** que seguimos ata a Aula da Natureza. Desde alí polos carreiros de máis preto do mar imos dándolle a volta ata chegar ao Chan dos Esqueiros, onde está o aparcamento do acceso ao cabo Udra. No cruzamento collemos a estrada da dereita para volver á praia da Mourisca e facer o camiño de volta polo mesmo sitio que a ida. Tamén se pode volver polo interior por camiños, rúas e estradas, pero hai que coller moitos cruces, que habería que levar ben sinalizados nun mapa, e a distancia que se percorre é case a mesma.

BUEU. Porto, onde conviven pequenas embarcacións artesanais con grandes buques de arrastre.



Costa de Bueu desde a praia Lapamán (ao fondo) ata a praia do Pedrón en Cabo Udra.





Praia de Bueu/da Banda do Rio



Punta do Penedo



Praia de Beluso



Porto de Beluso



Praia A Roiba. Punta Arbosa e Illote do Muíño.



Beluso e Punta Trimiño.




Punta Trimiño



A Pedra Branca



Punta Trimiño.





Costa da Peira



Punta Sartaxens



Punta Sartaxens



Illote O Cabalo.



Punta Aguda



Pedras do Mel



Praia da Tulla



Punta Cornide



Punta Cornide




Praia da Mourisca




Salga na praia da Mourisca



Eucalipto na praia da Mourisca



Cons na punta da Mourisca




Praia Buceiro




Punta Cagadoiro



Praia do Pedrón. Cons do Pedrón.




Cano do Pedrón.





Enseada e punta Centoleira



Cabo Udra



Vista de Cabo Udra, coa illa de Ons ao fondo.




O **Cabo Udra** forma unha península no extremo Noroeste do Morrazo, no límite da ría de Pontevedra e pechando polo leste a ría de Aldán. É unha masa de rochas graníticas que forman cantís de media altura e paisaxes de grandes penedos e bolos. A erosión mariña deu lugar a unha gran diversidade de recunchos que acollen unha rica flora e fauna mariñas. Un dos valores ecolóxicos de maior interese constitúeno os fondos mariños poboados por algas que crean ricos ecosistemas para crustáceos, moluscos e peixes de grande valor comercial. Conta cunha aula da natureza. No Cabo Udra podemos gozar de vistas sobre toda a contorna




As rochas que constitúen Cabo Udra son un curioso tipo de pedra de gran (granodiorita precoz) con grandes cristais de feldespato branco. Por toda a zona aparecen curiosas formacións rochosas.



Punta do Barcelo



Punta Chenla



Punta Robaleira



Chozo en Cabo Udra (Chan de Esqueiros)



Enseada e praia do Ancoradouro